

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Formación e Orientación Persoal e Profesional	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Formación e Orientación Persoal e Profesional do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Con esta materia preténdese que o alumnado se coñeza a si mesmo e sexa consciente da contorna sociocultural en que se atopa, de modo que facilite a súa aprendizaxe ao longo da vida e o seu desempeño académico e profesional.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e a súa contorna.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Padrón.

O IES Camilo José Cela é un centro de ensino secundario de longa tradición na bisbarra de Sar, xa que foi o primeiro centro que impartiu ensino secundario na comarca e a súa contorna. A fundación do centro remóntase á década de 1970, en tempos aínda do réxime franquista, e nas súas aulas formáronse en coñecementos e en valores moitas xeracións de cidadáns de Padrón e da súa contorna.

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, que conta con máis de 8000 habitantes e que é a cabeza dunha bisbarra de máis de 15 000 residentes no concello e nos límites de Rois e Dodro. Estamos nunha zona predominantemente rural, pero que conta cos servizos e dotacións propios das zonas limítrofes coas áreas urbanas de referencia, Santiago e Pontevedra.

No IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media de alumnado que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2023-2024, hai un número total de 230 matriculados/as: 113 homes (49%) e 117 mulleres (51%).

O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia –centro adscrito–, aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato –aínda que tamén en cursos de ESO– é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Cesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela, China ou Romanía.

En canto ás familias do centro, é destacable que a gran maioría manteñen unha estrutura de familia tradicional: o 67% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

Tendo en conta o contexto aludido, apréciase que predomina o medio rural ou rural-urbano, próximo ás zonas de influencia de dúas importantes áreas urbanas. A presenza da economía rural como apoio aos fogares é unha característica moi destacada do tecido social da nosa zona.

Como aspectos relevantes, podemos mencionar que o noso alumnado posúe un contorno familiar e social relativamente sólido en termos xerais, con familias predominantemente tradicionais en que están presentes en moitos casos os maiores como parte integrante do núcleo familiar e con peso nos afectos e relacións dos/as menores.

En canto ao profesorado, no presente curso hai 32 profesores e profesoras, dos/as que 26 son mulleres e 6 son homes. 21 destas persoas teñen destino definitivo no centro (70%), mentres que 9 teñen destino provisional (30%) e dúas son profesoras itinerantes (de Relixión e Educación Física), compartindo centro co veciño IES Macías o Namorado.

O grupo de 4º ESO que cursa esta materia está composto por 2 alumnos e 3 alumnas de 15 anos de idade.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender os procesos físicos e psicolóxicos implicados na cognición, a motivación e a aprendizaxe, xunto coas principais características do desenvolvemento evolutivo da persoa estudadas polas ciencias sociais, analizando as súas implicacións na conduta, considerando os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa, para obter un bo coñecemento axeitado de si mesmos que lles permita construír o seu proxecto persoal de vida.		3	1		1-3-4-5	1-2		
OBX2 - Analizar e describir aqueles elementos da madurez que condicionan os comportamentos, identificando as calidades persoais e de relación social propias e dos demais, desenvolvendo estratexias de xestión emocional e do propio proceso de aprendizaxe, e estratexias e habilidades sociais adecuadas a contextos cambiantes e a grupos diferentes, para mellorar o desempeño no ámbito persoal, social e académico e lograr maior control sobre as accións e as súas consecuencias, e para potenciar, así, aquelas calidades persoais no alumnado que favorecen a autonomía e permiten afrontar de forma eficaz os novos retos aos que se van enfrontar na súa entrada á idade madura.		3			1-3-4-5	1	2	
OBX3 - Explorar as oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna, descubrindo e priorizando as necesidades e intereses persoais e vocacionais e desenvolvendo o espírito de iniciativa e de superación, así como as destrezas necesarias na toma de decisións, para levar a cabo un proxecto persoal, académico e profesional propio e realizar unha primeira aproximación ao deseño dun plan de procura activa de emprego.	3			1-3	4-5		1-2-3	
OBX4 - Coñecer e comprender o ser humano, nas súas dimensións social e antropolóxica, e atender á variedade de sociedades e culturas, analizando con empatía a súa diversidade e complexidade desde diferentes perspectivas para comprenderse a un mesmo e interactuar cos demais desde o respecto á diversidade persoal, social e cultural, e fomentar o espírito crítico sobre aspectos que dirixen o funcionamento do ser humano nestes ámbitos.					3	1-2-3	2	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A identidade persoal e a sociedade	Esta unidade aborda o coñecemento do ser humano desde a perspectiva das ciencias humanas e sociais relacionadas coa psicoloxía, a antropoloxía e a socioloxía.	40	38	X		
2	A aprendizaxe e a formación individual	Nesta unidade analízase a importancia da formación e orientación persoal cara á vida adulta así como a posibilidade de coñecer a oferta formativa da contorna e optimizar a xestión dos itinerarios de aprendizaxe.	30	35		X	
3	O mundo laboral e a busca de emprego	Unidade enfocada á orientación profesional vinculada á exploración de contextos de traballo, que permita coñecer o funcionamento do mercado laboral e as distintas vías profesionais, así como o coñecemento das ferramentas de busca de emprego.	30	32			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A identidade persoal e a sociedade	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura, a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais.	Reflexionar de maneira crítica sobre a condición humana, a sociedade e a cultura.	PE	93
CA1.2 - Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa a partir do coñecemento comparado da dimensión social e antropolóxica do ser humano.	Analizar os factores persoais e socioculturais que interveñen na configuración psicolóxica da persoa.		
CA1.3 - Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais, a partir das bases teóricas fundamentais dos procesos físicos e psicolóxicos que interveñen neles.	Analizar a relación da cognición, a motivación, a aprendizaxe e a xestión emocional coa conduta, tanto propia como dos demais.		
CA1.5 - Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe e desenvolvendo estratexias que o melloren.	Analizar a importancia do compoñente emocional, tomando conciencia da súa repercusión na aprendizaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		
CA1.8 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		
CA1.9 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		
CA1.7 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos.	TI	7

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As ciencias sociais e o coñecemento que nos proporcionan do ser humano. A visión da psicoloxía, da antropoloxía e da socioloxía. - Presentación da psicoloxía. - Presentación da antropoloxía. - Presentación da socioloxía: a socioloxía como disciplina e a racionalidade da acción social. - As perspectivas das ciencias sociais sobre o debate entre o herdado e o aprendido. Bioloxía e cultura. - Os fundamentos psicobiolóxicos da conduta. - Neurociencia, xenética e endocrinoloxía. - A neurona, o impulso neuroeléctrico, a sinapse, as redes neurais. - O sistema nervioso central. As principais estruturas do encéfalo. O sistema límbico. - O sistema nervioso periférico. - A compoñente emocional do noso psiquismo. - Recoñecemento e control das emocións. - A motivación. - Benestar e hábitos saudables. - Os circuítos de recompensa e os problemas de adiccións relacionados. - Outros ámbitos do psiquismo: cognición, intelixencia, personalidade

Contidos

- A cognición e os procesos asociados.
- Intelixencia cognitiva, intelixencia emocional, intelixencia executiva.
- A constitución da personalidade: influencias biolóxicas e da contorna. As teorías dos trazos.
- O desenvolvemento evolutivo do psiquismo.
- O desenvolvemento das capacidades cognitivas ao longo da vida.
- O desenvolvemento da personalidade.
- A adolescencia como momento evolutivo clave no desenvolvemento do noso psiquismo. As características da mente adolescente.
- A psicoloxía social.
- A necesidade individual de pertenza a grupos.
- A influencia do grupo.
- O desenvolvemento individual dentro do grupo.
- Antropoloxía. O ser humano como ser cultural.
- Concepto antropolóxico de cultura. O ser humano como construción cultural.
- Humanización e cultura.
- O papel da muller na humanización.
- Diversidade cultural (etnocentrismo, relativismo cultural e transculturalidade).
- Concepto de sociedade e o ser humano como ser social.
- Comunicación, linguaxe e simbolismo.
- Proceso de socialización e axentes de socialización: familia, grupos, institucións, asociacións e organizacións.
- O ser humano como Homo oeconomicus. Teorías críticas.
- Vida en sociedade.
- Normas, roles, status e estereotipos: a cohesión social.
- Estratexias de inclusión e cohesión social: interacción social e discriminación.
- Igualdade de xénero.
- Condutas prosociais e antisociais.
- Adolescentes na sociedade.
- O adolescente e as súas relacións cos demais: a convivencia positiva.
- O grupo: importancia, valor e diversidade.
- A autonomía e a asunción progresiva de responsabilidades.

UD	Título da UD	Duración
2	A aprendizaxe e a formación individual	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe, analizando as súas implicacións e desenvolvendo estratexias que favorezan a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes.	Identificar e aplicar os procesos que interveñen na aprendizaxe.	PE	84
CA2.1 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		
CA2.2 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Recoñecer calidades persoais e sociais propias e dos demais.		
CA2.4 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos.		
CA2.5 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais.		
CA2.3 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Mellorar o desempeño persoal, social e académico.	TI	16
CA2.6 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece.		
CA2.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de aprendizaxe e formación desde as ciencias sociais. - Aprendizaxe e procesos psicolóxicos involucrados: atención, motivación, memoria. - Estratexias de aprendizaxe e estilos de aprendizaxe. - A aprendizaxe desde a socioloxía: aprendizaxe formal institucionalizada, non formal e informal. - A formación cara á vida adulta: características persoais, habilidades sociais e de organización e xestión, traballo en equipo. - Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción. Estilo atribucional. Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo. Confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo. Estratexias para enfrontarse ao fracaso e á frustración. - Habilidades sociais e habilidades de comunicación. Estratexias para superar as eivas de comunicación. - Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. - Habilidades de organización e xestión. - Os equipos de traballo. O liderado como trazo da personalidade. O conflito: concepto, causas, tipos e resolución. A negociación. - A formación académica. - Programas, oportunidades e axudas para a formación. Servizos de orientación académica. - Información sobre a estrutura do sistema educativo. - Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar no bacharelato, na FP e nos estudos superiores. - Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente. - A formación profesional. - Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades. - A transición á vida activa. - Valoración da importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional. - Información xeral sobre sectores económicos e produtivos. - Retos da revolución dixital. - O emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento. - Participación social activa.

Contidos
- Colaboración e voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
3	O mundo laboral e a busca de emprego	32

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais mediante a exploración das oportunidades académicas e profesionais que ofrece a contorna presencial e virtual, e desenvolvendo as destrezas necesarias no proceso de toma de decisións.	Realizar un proxecto persoal, académico e profesional propio e aproximarse ao proceso de procura activa de emprego, priorizando as necesidades e descubriendo os intereses persoais e vocacionais.	PE	84
CA3.3 - Analizar e comprender no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.	Identificar no desenvolvemento evolutivo das persoas as principais características da madurez que conforman a persoa nos distintos planos: físico, cognitivo, social, emocional e sexual.		
CA3.4 - Identificar calidades persoais e sociais propias e dos demais, reflexionando sobre a importancia de potenciar aquelas que permitan afrontar novos retos eficazmente e de modo progresivamente autónomo, e faciliten así o proceso de transición da adolescencia á vida adulta.	Recoñecer calidades persoais e sociais propias e dos demais.		
CA3.8 - Valorar a diversidade, desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, considerándoa un elemento enriquecedor no ámbito persoal, social e cultural.	Valorar a diversidade desde o respecto, a inclusión e a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.	TI	16
CA3.2 - Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece, valorando aquelas que mellor se adaptan ás calidades e intereses persoais e potenciando o espírito de iniciativa e superación.	Explorar a contorna próxima identificando as oportunidades académicas e profesionais que ofrece.		
CA3.5 - Mellorar o desempeño persoal, social e académico aplicando estratexias de aprendizaxe e xestión emocional que permitan maior control sobre as accións e as súas consecuencias.	Mellorar o desempeño persoal, social e académico.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos e contextos a partir do coñecemento social e antropolóxico do ser humano.	Desenvolver estratexias e habilidades que faciliten a adaptación a novos grupos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Analizar a diversidade persoal, social e cultural desde distintas perspectivas a partir do coñecemento que proporcionan as ciencias humanas e sociais, mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.	Analizar a diversidade persoal, social e cultural mostrando actitudes de respecto e empatía polo diferente, e valorando a equidade e a non discriminación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proxecto persoal: o autoconhecimento. - Plans de autoconhecimento e de formación académica e profesional. - O coñecemento persoal: habilidades, aptitudes, motivacións e intereses persoais. - Análise de fortalezas e debilidades propias. - A diversidade como elemento enriquecedor. - A intelixencia emocional. Autoconhecimento, autocontrol, automotivación, empatía e habilidades sociais. - O proceso de toma de decisións. Organización dunha conduta decisoria. - Roles grupais e comprensión dos roles nos que mellor encaixamos. - O proxecto persoal académico-profesional: as aspiracións profesionais. - Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se quere conseguir. - Identificación de intereses, capacidades, motivacións e aptitudes persoais para o proxecto profesional ao que aspiramos. - Identificación dos itinerarios académicos e profesionais que se poden seguir. - Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e test psicométricos. - A toma de decisión na orientación académica e profesional. - Avaliación das alternativas e da decisión tomada. - Aproximación a un plan de busca activa de emprego con proxección cara ao futuro. - Análise dos intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. - Identificación de itinerarios formativos relacionados. - Definición e análise do sector profesional. - Fontes de información. - Estratexias, instrumentos e proceso da busca de emprego en empresas do sector. - Fontes de procura de emprego. Información xeral para a busca activa de emprego e de alternativas. - A oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata. - Información sobre a elaboración e presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.

Contidos

- A entrevista de traballo.
- Os distintos tipos de emprego.
- Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
- O traballo na Administración pública.
- Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
- Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica nesta materia debe favorecer a capacidade do alumnado por aprender por se mesmo tendo en conta a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e promover a aprendizaxe en equipo facendo fincapé na relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade. Así mesmo, traballarase os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula. A metodoloxía didáctica adaptase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, as alumnas e os alumnos, han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso de apoio.

A metodoloxía didáctica adaptase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo. Ademais fomentase a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTO PERSOAL

Entre as distintas actividades que conformarán o portfolio do alumnado, atopanse:

- Preparación de entrevistas laborais entre os distintos grupos de alumnado. Simulacro e representación da entrevista. Debate grupal e coavaliación.

- Elaboración dun DAFO e deseño dun perfil persoal / profesional. Actividade relacionada co taller impartido por profesionais do sector da orientación laboral no cal traballarán con ferramentas para elaborar perfís profesionais, CV...

- Actividades grupais.

* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

a) Introducción á unidade didáctica.

b) Análise dos coñecementos previos dos alumnos.

c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.

d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

* TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Grupo: os 5 alumnos.

- Traballo individual.

*** CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (indicar cal) ou plataforma dixital
Dotación da aula (proxeccionador, encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Aula virtual da materia
Caderno do alumno/a
Materiais audiovisuais
Actividades de iniciación, desenvolvemento, estruturación, aplicación, afondamento, consolidación, síntese, reforzo e específicas de avaliación

O espazo habitual no que se desenvolverán as sesións consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado tradicional, ordenador e proxeccionador. O alumnado dispón de pupitres individuais o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado: Formación y Orientación Personal y Profesional da editorial Santillana e todos os materiais que formen parte dos contidos da aula virtual da materia elaborados pola profesora D^a Emilia Domínguez Millán. As actividades serán realizadas polos alumnos no seu caderno de clase.

Na aula virtual a docente colgará material para o alumnado que por razóns xustificadas non asista de forma prolongada ao centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non se realiza avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	30	30	100
Proba escrita	93	84	84	88
Táboa de indicadores	7	16	16	12

Cráterios de cualificación:

AVALIACIÓN ORDINARIA CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos tratados en cada unidade didáctica.
- Capacidade de explicación e síntese dos contidos.
- Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.
- Grao de adquisición das competencias que se traballan na materia.
- Grao de adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a materia.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas.
- Producións dos alumnos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exames: haberá polo menos un por avaliación.
- Rúbrica de actividades.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

• Os exames de avaliación puntuaranse de 0 a 10. Haberá un exame de recuperación por avaliación. Durante a realización dos exames os alumnos non poderán ter consigo o móbil (estes depositarannos no lugar que indique o profesor). Aquele alumno que copie durante o exame empregando calquera tipo de medio, será expulsado da clase e terá un 0.

• Posto que non se poden poñer decimais no boletín, os redondeos faranse segundo o establecido na lei. Nos decimais inferiores a 5 redondéase ó número enteiro inferior ($4,25 = 4$); nos decimais superiores a 5 redondéase ó número enteiro superior ($4,5 = 5$).

- A valoración das actividades farase coa correspondente rúbrica.

• A nota por avaliación obterase a partir da media ponderada entre a dos exames e a nota da rúbrica de actividades. Da nota media dos exames collerase o 90 % e da rúbrica de actividades o 10 %. Se se fan dous exames por avaliación, non se fará media se a nota de un dos exames é de 1 ou inferior; nese caso considerarase que a avaliación está suspensa e o alumno terá que recuperar o exame.

• Posto que un dos criterios de avaliación é o dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán, descontarase entre 0,25 e 1 punto da nota dos exames, actividades e proxecto empresarial, por faltas de ortografía, falta de "limpeza", desorganización, incoherencia, erros sintácticos, etc. (Ver a rúbrica)

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais ou das obtidas nas correspondentes recuperacións no seu caso. No caso de ter que facer redondeo, aplicarase a norma xa indicada antes.

RÚBRICA PARA A VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES

Actividade sen facer. Puntuación: 0

Actividade copiada ou baixada de Internet. Puntuación: 0

Actividade moi incompleta, o alumno apenas lle dedicou esforzo. Puntuación: 2

Actividade incompleta, mal presentada e con erros por falta de traballo. Puntuación: 3

Actividade ben presentada pero incompleta e con erros por falta de comprensión. Puntuación: 4

Actividade ben presentada e cos aspectos fundamentais a tratar. Puntuación: 5

Actividade ben presentada, cos aspectos fundamentais a tratar e poucos erros. Puntuación: 6

Actividade ben presentada, recolle os aspectos elementais, hai máis aportacións e algún erro. Puntuación: 7

Actividade ben presentada, recolle os aspectos elementais, hai máis aportacións e non hai erros. Puntuación: 8

Actividade ben presentada, completa e sen erros. Puntuación: 9

Actividade moi ben presentada, completa, sen erros e con moitas aportacións do alumno. Puntuación: 10

RÚBRICA PARA A VALORACIÓN DA EXPRESIÓN ESCRITA

Máis de 5 faltas de acentuación. Desconto: 0,25 puntos

Menos de 5 faltas de acentuación e unha falta de ortografía. Desconto: 0,25 puntos

Menos de 3 faltas de ortografía. Desconto: 0,25 puntos

Máis de 3 faltas de ortografía e falta de limpeza. Desconto: 0,5 puntos

Ausencia de faltas de ortografía, mestura de idiomas, falta de limpeza. Desconto: 0,5 puntos

Máis de tres faltas de ortografía, mestura de idiomas, falta de limpeza, falta de coherencia. Desconto: 0,75 puntos

Máis de 5 faltas de ortografía, mestura de idiomas, falta de limpeza, falta de coherencia, desorganización. Desconto: 1 punto

Criterios de recuperación:

Cando unha alumna ou un alumno non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita de recuperación baseada no grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).

- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7)

Aqueles alumnos que teñan aprobada unha avaliación pero queiran melloralala nota, poden presentarse ó exame de recuperación. Se en vez de melloralala báixana, constará a nova nota.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras que, en todo caso, vaian máis alá dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X		
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas sobre saúde mental, xestión de emocións e benestar.	Actividade impartida por profesionais: psicólogos.		X	
Charla sobre o futuro profesional	Actividade dirixida pola orientadora do Centro.			X

Observacións:

Poden asistir tamén a outras actividades programadas para outras materias, como por exemplo Economía e Emprendemento, e cuxo contido estea relacionado co desta asignatura.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normtativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados